

No último comunicado poñiamos textualmente:

*“Salientar que:*

*As listas de correo de PAS funcionan cuns moderadores que determinan a idoneidade do envío dos correos ou o seu rexeitamento.*

*Parece que para algún sindicato os moderadores están prestos para autorizar os envíos as 24 horas do día, mentres para os outros só funcionan en horario laboral.*

*(Se vos fixades na hora dos envíos dos últimos correos figuran horas ás que, sen horas extra, dificilmente se está no posto de traballo).*

*Polo menos que garden as formas.”*

Un dos moderadores púxose en contacto connosco e asegurounos que non había nada intencionado na remisión dos correos debéndose o feito dos horarios a unha circunstancia allea a calquera consideración propia da pertenza a calquera opción sindical.

Como a persoa que nos fixo esta apreciación nos merece a maior das consideracións e cremos firmemente na súa honorabilidade, parécenos que é preciso, igual que se fixo pública a crítica, facer pública a petición de desculpas para a súa persoa.